



## Rexeitamos o Plano de contingencias COVID

Aprobouse na Mesa Sectorial de Sanidade do día 25 de novembro de 2020 o Plano de contingencias COVID-19 do SERGAS, co voto favorable de CCOO, CSIF e SATSE, e co voto en contra de CIG-SAÚDE e UGT.

Para CIG-Saúde o mais importante era a estabilidade na contratación do persoal durante todo o estado de alarma e que isto tivera continuidade no futuro.

O devandito Plan recolle a nosa proposta de contratos eventuais de 6 meses ofertados como longa duración... pero estes contratos non serán para todas as categorías.

Vanse ofertar 1150 contratos, dos que 740 son para enfermeiras/os e 410 para o resto de categorías. Para enfermeiras non son suficientes, pero, ademais, son manifestamente insuficientes no resto de categorías, sobre todo para TCAEs, PSX e enfermeiras/os especialistas.

7 esp. enfermaría familiar e com.	3 esp. enfermaría pediátrica	5 técnicos/s de prevención
54 TEL	12 TER	153 TCAEs
85 celadores/as	58 aux. administrativos/as	33 PSXs

### Neste plan inclúense diversos temas como:

- Puntuación adicional para o persoal das listas de selección temporal por estar dispoñible durante a emerxencia sanitaria, a razón de 0,15 puntos/mes.
- Contrato eventual de 6 meses prorrogable por emerxencia sanitaria, ofertado con criterio de 1º de lista.
- Teletraballo e flexibilización horaria durante a emerxencia sanitaria.
- Criterios de mobilidade de persoal.
- Pausa adicional en unidades especiais.
- Formación COVID, a razón de 3 horas de xornada efectiva.
- Valoración dos servizos prestados no COVID no baremo de carreira profesional como compromiso coa organización.
- Permiso excepcional para unidades COVID de ata 3 días durante o estado de alarma.


Para CIG-Saúde a puntuación adicional vai provocar máis desequilibrios nas listas de selección temporal e entendemos que non premia ao persoal que leva traballando en precario durante a pandemia, sen poder conciliar a súa vida familiar, sen permisos, en definitiva, sen dereitos.



Tamén nos anunciaron que na lei de medidas do 2021 se vai incluír **unha puntuación adicional por prestación de servizos durante a COVID para os procesos de selección fixa (OPE)**, que se negociará no decreto de provisión. **CIG-Saúde esiximos a eliminación desta puntuación adicional.**

**CIG-Saúde considera que o permiso excepcional recollido no plan é moi ambiguo e que vai a provocar diferenzas entre as distintas categorías, e incluso dentro da mesma categoría entre diferentes unidades. Como o ámbito deste plan é para o persoal temporal, están excluindo deste permiso ao persoal fixo?**

**O verdadeiro recoñecemento que esixe o persoal das listas de selección temporal é a estabilidade laboral** tanto nas listas de contratacións coma na OPE, e que se lles recoñeza o dereito a vacacións, permisos e os dereitos de conciliación laboral e familiar.



**E por todo isto, CIG-Saúde rexeitamos o Plano de contingencias COVID do SERGAS**